

## OS MUÍÑOS NA TRADICIÓN ORAL. O REFRANEIRO POPULAR.

TENTA EXPLICAR CAL É A ENSINAZA DE CADA UN DESTES REFRÁNS:

(Actividade que se pode realizar con alumnos/as de tódolos niveis pois cada un deles daralle un senso distinto; incluso a comparación entre disintos niveis sería moi enriquecedora)

1.- “Andar, andar e nuncha chegar” (O Muíño)

2.- “Canta máis fame ten, máis anda” (O Muíño)

3.- “Bebe polos pés, come pola cabeza e caga pola illarga” (O Muíño)

4.- “Andar, andar e nunca chega o seu lugar” (A moa do muíño)

5.- ADIVIÑA:

“Que cousa ten o muíño  
precisa e non necesaria;  
non pode moer sen ela  
e non lle serve para nada?”<sup>1</sup>

6.- “Se o muíño non anda, a maquía no se gaña”.

7.- Que quer dicir a expresión: ¡LEVAR A AGUA O SEU MUÍÑO!

8.- CANTIGA:

Non quero ser muiñeiro  
nin barre-lo trimillado  
porque no outro mundo  
hai que dar conta do roubado.

9.- CANTIGA:

O muíño do meu pai  
eu ben lle sei o tempero  
cando está alto, baixalo,  
cando está baixo, erguelo.